



## ESTATUTOS DA FUNDACIÓN CASTELAO

### **TÍTULO PRIMEIRO DISPOSICIÓNS XERAIS**

#### **Artigo 1. Denominación e natureza**

Ao abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución española, coa denominación de «Fundación Castelao» constitúese unha organización de natureza fundacional, privada e cultural, de interese galego, sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral que se establecen nestes estatutos.

#### **Artigo 2. Domicilio e ámbito de actuación**

1. O domicilio da Fundación radicará no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, con sede na rúa do Hórreo, núm. 37, baixo, local 8, da cidade de Santiago de Compostela.
2. O Padroado poderá promover o cambio de domicilio, mediante a oportuna modificación estatutaria, con posterior comunicación ao Protectorado e inscrición no Rexistro de Fundacións.
3. A Fundación desenvolverá as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para o mellor cumprimento dos seus fins, a Fundación poderá crear delegacións no mesmo ou distinto territorio ao do seu ámbito de actuación, así como establecer relacións instrumentais con terceiros en calquera ámbito territorial.

#### **Artigo 3. Personalidade e capacidade**

A Fundación terá personalidade xurídica dende a inscrición da escritura pública de constitución no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, que lle atribúe plena capacidade xurídica e de obrar, e poderá realizar, en consecuencia, todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento dos fins fundacionais, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

#### **Artigo 4. Duración**

A Fundación constitúese por tempo indefinido. Porén, se nalgún momento os fins propios da Fundación se consideraren cumpridos ou for imposible a súa realización, o Padroado poderá acordar a extinción, de conformidade co disposto na lexislación vixente e nestes estatutos.

#### **Artigo 5. Réxime normativo**

A Fundación rexerese pola vontade do fundador expresada nestes estatutos, polas disposicións que en interpretación e desenvolvemento deles estableza o Padroado e, en todo caso, pola Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego; polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego; polo Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, e polas demais normas que as desenvolvan ou substitúan.

Así mesmo, tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións; pola Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, e polo Real decreto 1270/2003, do 10 de outubro, polo que se aproba o



Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, así como pola restante normativa que sexa de aplicación.

## **TÍTULO SEGUNDO**

### **OBXECTO DA FUNDACIÓN**

#### **Artigo 6. Fins**

1. A Fundación Castelao persegue os seguintes fins: estimular e favorecer a lingua e a cultura galega en xeral e, en particular, fomentar a identidade galega na que tanto se distinguiu o xenio de Castelao.

2. O desenvolvemento do obxecto fundacional poderá ser realizado directamente pola Fundación ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

#### **Artigo 7. Actividades fundacionais**

1. Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior, e na medida en que o permitan os seus medios económicos, de acordo cos programas concretos que, en cada caso, sexan aprobados polo Padroado, a Fundación poderá realizar as seguintes actividades:

- a) Promover estudos, sobre a vida, obra e pensamento de Castelao, así como a súa edición, publicación e divulgación.
- b) Organizar e realizar seminarios sobre a vida, a obra e o pensamento de Castelao.
- c) Instaurar e dotar bolsas e premios con este fin.
- d) Realizar actos conmemorativos da vida e obra de Castelao.
- e) Calquera outra actividade encamiñada á consecución dos fins fundacionais.

2. A Fundación poderá realizar actividades económicas que teñan por obxecto o cumprimento dos fins fundacionais ou que sexan complementarias ou accesorias das anteriores, con sometemento ás normas reguladoras da defensa da competencia.

#### **Artigo 8. Liberdade de actuación**

O Padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da Fundación tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, ao xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan máis axeitados ou convenientes en cada momento.

## **TÍTULO TERCEIRO**

### **REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS**

#### **Artigo 9. Destino das rendas e ingresos**

1. A Fundación destinará o patrimonio e as súas rendas ao cumprimento dos fins fundacionais.

2. Á realización dos fins fundacionais deberá ser destinado, polo menos, o setenta por cento dos resultados das explotacións económicas que se desenvolvan e dos ingresos que se obteñan por calquera outro concepto, deducidos os gastos realizados para a súa obtención, e o resto deberase destinar a incrementar a dotación fundacional ou a reservas, segundo acordo adoptado polo Padroado. Non se incluírán no cálculo dos ingresos as doazóns recibidas en concepto de dotación nin as ganancias obtidas na transmisión de bens ou dereitos afectados á dotación fundacional, sempre que se reinvestan en bens dotacionais.



3. O prazo para o cumprimento desta obriga será o comprendido entre o inicio do exercicio en que se obtiveron e os catro anos seguintes ao peche do devandito exercicio.

4. Os gastos de administración non poderán superar a porcentaxe fixada na lexislación vixente.

### **Artigo 10. Publicidade das actividades**

O Padroado dará información suficiente dos fins e das actividades da Fundación, a través de páxina web, nos termos sinalados no artigo 27 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, para que sexan coñecidos polas eventuais persoas beneficiarias e demais interesadas.

### **Artigo 11. Persoas beneficiarias**

1. Poderá ser beneficiaria da Fundación calquera persoa física ou xurídica, sen discriminación ningunha, sen máis limitacións que as que determina a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e a súa normativa de desenvolvemento.

2. Cando pola propia natureza dos servizos prestados pola Fundación derive a necesidade de limitar o número de persoas beneficiarias, a súa determinación e selección levaraa a cabo o Padroado, con criterios de imparcialidade e non discriminación.

## **TÍTULO CUARTO**

### **ORGANIZACIÓN DA FUNDACIÓN**

#### **CAPÍTULO PRIMEIRO – DO PADROADO E DOS SEUS MEMBROS**

### **Artigo 12. O Padroado**

1. O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, e executará as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nestes estatutos.

2. Correspóndelle ao Padroado o cumprimento dos fins fundacionais e a administración dos bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación, mantendo o seu rendemento e utilidade.

### **Artigo 13. Composición**

1. O Padroado estará composto por un mínimo de 5 e un máximo de 25 membros. Dentro destes límites, corresponderalle ao Padroado determinar o número concreto de membros.

2. Poderán ser membros do Padroado as persoas físicas que teñan plena capacidade de obrar e non estean inhabilitadas para o exercicio de cargos públicos nin se atopen incursas en causa de incompatibilidade.

Os patróns ou patroas que sexan persoas físicas deberán exercer o seu cargo persoalmente; non obstante, poderá actuar no seu nome e representación outro patrón ou patroa designado por el.

3. As persoas xurídicas poderán formar parte do Padroado e deberán designar a persoa física que as represente.

4. Poderán ser membros do Padroado, con carácter permanente:

- a) O Parlamento de Galicia
- b) A Xunta de Galicia
- c) A Universidade de Santiago de Compostela



- d) O Museo do Pobo Galego
- e) A Arquidiocese de Santiago de Compostela
- f) O Concello de Santiago de Compostela
- g) O Concello de Rianxo

5. O Padroado, por acordo da maioría dos membros presentes, poderá outorgar a distinción de membros de honra a persoas físicas ou xurídicas que contribuísen de forma relevante ou destacada á consecución dos fins fundacionais. Non obstante, este recoñecemento non lles confire a condición de membros do Padroado, é dicir, non terán os dereitos e obrigas dos membros do Padroado.

#### **Artigo 14. Regras para a designación dos seus membros**

- 1. Poderanse incorporar ao Padroado novos membros.
- 2. A proposta poderá ser formulada polo presidente ou presidenta ou polos membros do Padroado e aprobada por este órgano, por maioría dos membros presentes na reunión.

#### **Artigo 15. Duración do cargo de patrón/patroa**

- 1. Os patróns ou patroas desempeñarán as súas funcións por períodos de 4 anos e poden ser reelixidos/as.
- 2. Os patróns ou patroas fundadores desempeñarán as súas funcións de forma vitalicia.
- 3. As institucións que, de ser o caso, formen parte do Padroado serán membros permanentes deste.

#### **Artigo 16. Carácter gratuito do cargo de patrón/patroa**

Os patróns ou patroas exercerán o seu cargo gratuitamente, sen prexuízo do dereito a que se lles reembolsen os gastos debidamente xustificadas que o desempeño da súa función lles ocasione.

#### **Artigo 17. Aceptación do cargo de patrón/patroa e inscrición no rexistro**

1. Os patróns ou patroas exercerán as súas funcións logo de aceptaren expresamente o seu cargo. Esta aceptación poderá constar en documento público independente, en documento privado con sinatura lexitimada por un fedatario público, mediante a comparecencia realizada ante o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ou perante o Padroado, e acreditarase mediante a certificación expedida polo secretario ou secretaria co visto e prace do presidente ou presidenta.

2. A designación dos membros do Padroado e os seus cargos e a correspondente aceptación serán notificadas polo Padroado ao Protectorado da Fundación e inscritas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

#### **Artigo 18. Obrigas e dereitos dos patróns/patroas**

1. Na súa actuación, o Padroado deberase axustar ao establecido na lexislación vixente e á vontade do fundador manifestada nestes estatutos.

2. Son obrigas dos membros do Padroado:

- a) Cumprir e facer cumprir os fins fundacionais.
- b) Administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación mantendo o seu rendemento, utilidade e produtividade segundo os criterios económico-financeiros dun bo xestor.
- c) Asistir ás reunións do Padroado e velar pola legalidade dos acordos que se adopten nelas.
- d) Realizar os actos necesarios para o depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da documentación correspondente aos actos suxeitos a constancia rexistral.

3. Son dereitos dos membros do Padroado:



- a) Recibir a convocatoria coa orde do día e asistir ás reunións dos órganos de que formen parte.
- b) Exercer o dereito de voto.
- c) Obter a información precisa para o cumprimento das súas funcións.

### **Artigo 19. Responsabilidades dos patróns/patroas**

1. Os patróns ou patroas deberán desempeñar o seu cargo coa dilixencia dun representante leal.
2. Os patróns ou patroas responderán solidariamente fronte á Fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou aos estatutos ou polos realizados sen a dilixencia con que deben desempeñar o cargo, nos termos establecidos na normativa reguladora das fundacións de interese galego. Quedarán exentos de responsabilidade os que voten en contra do acordo e os que proben que, non intervindo na súa adopción e execución, descoñecían a súa existencia ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos, se opuxeron expresamente a aquel.

### **Artigo 20. Cesamento e suspensión dos membros do Padroado**

1. No suposto de cesamento ou suspensión dos patróns ou patroas, seguirase o disposto no artigo 24 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego. O cesamento, a suspensión e a substitución dos membros do Padroado comunicaráselle ao Protectorado e inscribirase no Rexistro de Fundacións.
2. Os patróns ou patroas poderán ser cesados/as, ademais de polas causas previstas no artigo 24 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, revogados/as por incapacidade manifesta ou deslealdade aos fins fundacionais ou por falta de asistencia por dúas veces consecutivas e inxustificadamente ás reunións debidamente convocadas. En ambos os dous casos, será preciso o acordo do Padroado por maioría das dúas terceiras partes dos patróns ou patroas presentes ou representados/as.
3. A renuncia ao cargo de patrón/patroa poderá facerse por calquera dos medios e cos trámites previstos para a aceptación e deberá levarse a cabo por calquera dos medios e mediante os trámites previstos para a aceptación.

## **CAPÍTULO SEGUNDO – DA ORGANIZACIÓN E ATRIBUCIÓN DO PADROADO**

### **Artigo 21. Organización do Padroado**

1. O Padroado designará de entre os seus membros:
  - a) Un presidente ou presidenta
  - b) Un secretario ou secretaria
  - c) Un tesoureiro ou tesoureira
2. Así mesmo, poderase designar un ou varios vicepresidentes ou vicepresidentas.

### **Artigo 22. O presidente ou presidenta**

1. Ao presidente ou presidenta correspóndelle:
  - a) Exercer a representación da Fundación ante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas.
  - b) Propoñer o plan de actividades da Fundación.
  - c) Fixar a orde do día e convocar as reunións do Padroado.
  - d) Presidir as reunións do Padroado.
  - e) Dirixir e moderar os debates.



- f) Someter a votación os acordos e, de ser o caso, dispoñer a execución dos acordos adoptados, para o cal poderá realizar toda clase de actos e asinar os documentos que sexan necesarios para tal fin.
- g) Programar as operacións e xestións bancarias permitidas pola lexislación vixente necesarias para o bo funcionamento da Fundación e, de ser o caso, realizalas efectivamente.
- h) Calquera outra inherente á condición de presidente/a e aquelas que expresamente lle sexan atribuídas polo Padroado.

2. A duración do seu mandato será de catro anos e pode ser reelixido/a.

3. En caso de vacante no cargo, ocupará o seu lugar quen ocupe a Vicepresidencia.

4. Se se produce unha vacante, no prazo dun mes os aspirantes á Presidencia presentarán na secretaría da Fundación as súas candidaturas acompañadas dos nomes das persoas que constituirán a Comisión Executiva e os seus programas de goberno. No prazo máximo dun mes dende a finalización do devandito prazo, convocarase o Padroado para efectuar a elección por maioría dos seus membros presentes.

5. O presidente ou presidenta dispón de voto de calidade para resolver os empates que se poidan producir nas votacións das reunións do Padroado.

### **Artigo 23. O vicepresidente ou vicepresidenta**

1. O Padroado, por proposta do presidente ou presidenta, poderá elixir de entre os seus membros un ou varios vicepresidentes ou vicepresidentas, por maioría dos membros presentes.

2. A duración do cargo será de catro anos e pode ser reelixido ou reelixida.

2. Corresponderalles aos vicepresidentes ou vicepresidentas realizar as funcións da Presidencia nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade. Tamén poderán actuar en representación da Fundación naqueles supostos en que así se determine por acordo do Padroado, determinando nese momento a orde de suplencia entre os vicepresidentes ou vicepresidentas que, de ser o caso, fosen nomeados.

### **Artigo 24. O secretario ou secretaria**

1. O Padroado, por proposta do presidente ou presidenta, poderá elixir de entre os seus membros un secretario ou secretaria, por maioría dos membros presentes.

O cargo poderá recaer nunha persoa allea ao Padroado; neste caso terá voz pero non voto e en ningún caso percibirá retribucións polo seu cargo.

2. Nos supostos de vacante, ausencia, imposibilidade ou enfermidade, o secretario ou secretaria será substituído ou substituída polo membro do Padroado ou da Comisión Executiva, de ser o caso, de menor idade.

3. A duración do cargo de secretario ou secretaria será de catro anos e pode ser reelixido ou reelixida.

4. Son funcións do secretario ou secretaria:

a) Preparar a orde do día das sesións do pleno do Padroado e da Comisión Executiva, atendendo, se for o caso, as propostas dos seus membros e someténdoa á aprobación previa do presidente ou presidenta.

b) Convocar as xuntanzas do Padroado e da Comisión Executiva coa debida antelación, acompañadas da correspondente orde do día.

c) Asistir, con voz e voto, ou, de ser o caso, só con voz, ás sesións do Padroado e da Comisión Executiva e redactar as actas correspondentes, que serán sometidas a aprobación na seguinte sesión.



- d) Levar os libros de actas do pleno do Padroado e da Comisión Executiva, paxinados e co visto e prace do presidente ou presidenta.
- e) Expedir certificacións dos acordos adoptados polo Padroado e pola Comisión Executiva e as súas copias, co visto e prace do presidente ou presidenta.
- f) Exercer calquera outra función propia da condición de secretario ou secretaria que lle sexa atribuída expresamente polo Padroado ou pola Comisión Executiva.

### **Artigo 25. O tesoureiro ou tesoureira**

1. O Padroado, por proposta do presidente ou presidenta, poderá elixir de entre os seus membros un tesoureiro ou tesoureira por maioría dos membros presentes.
2. A duración do cargo de tesoureiro ou tesoureira será de catro anos e pode ser reelixido ou reelixida.
3. Son funcións do tesoureiro ou tesoureira:
  - a) A administración económica da Fundación.
  - b) A realización dos inventarios xerais dos bens e dereitos que conforman o patrimonio da Fundación.
  - c) A realización de cobros e pagamentos, por orde do presidente ou presidenta.
  - d) A realización efectiva das operacións e xestións bancarias permitidas pola lexislación vixente ordenadas polo presidente ou presidenta ou acordadas polo Padroado, no ámbito das súas respectivas competencias (apertura e cancelación de contas bancarias; solicitude de financiamento, solicitude de información bancaria etc.).
  - e) Presentación das contas ao Padroado, por orde do presidente ou presidenta.

No caso de vacante, exercerá as súas funcións o presidente ou presidenta.

### **Artigo 26. Facultades do Padroado**

1. Na súa actuación, o Padroado deberase axustarse ao preceptuado na lexislación vixente e á vontade do fundador manifestada nestes estatutos.
2. Con independencia das funcións que lle atribúen os presentes estatutos e sen prexuízo de solicitar, se é o caso, as preceptivas autorizacións ao Protectorado, a título enunciativo, serán facultades do Padroado:
  - a) Exercer o goberno, a representación, a inspección, a vixilancia e a orientación da Fundación.
  - b) Interpretar e desenvolver os presentes estatutos e, de ser o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación, sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación e a mellor consecución dos seus fins.
  - c) Fixar as liñas xerais de funcionamento da entidade e de distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as actividades da Fundación.
  - d) Acordar a apertura e o peche dos seus centros, oficinas e delegacións.
  - e) Nomear apoderados ou apoderadas xerais ou especiais, outorgar poderes e revogalos.
  - f) Aprobar o plan de actuación e as contas anuais que serán obxecto de presentación ao Protectorado.
  - g) Delegar as súas facultades nun ou máis patróns ou patroas. Non poderán ser obxecto de delegación:
    - A aprobación das contas anuais e do plan de actuación.
    - A modificación dos estatutos.
    - O acordo de fusión, extinción ou liquidación da Fundación.
    - Calquera acto que precise a autorización ou aprobación do Protectorado.
    - Calquera acto que supere a xestión ordinaria da Fundación.



## **Artigo 27. A Comisión Executiva**

1. No seo do Padroado poderase crear un órgano colexiado chamado Comisión Executiva, órgano executivo ordinario da Fundación que poderá adoptar acordos por razóns de urxencia, dos que deberá dar conta ao Padroado a asumir as funcións que o Padroado lle delegue expresamente, coas limitacións respecto da delegación de competencias establecidas no artigo 18 da Lei 12/2006.
2. A Comisión Executiva estará formada por un número mínimo de 5 membros: o presidente ou presidenta do Padroado, ao que lle corresponderá a Presidencia da Comisión; o secretario ou secretaria do Padroado, ao que lle corresponderá a Secretaría da Comisión; polo tesoureiro ou tesoureira e por dous ou dúas vogais, elixidos polo Padroado por maioría dos membros presentes por proposta do presidente ou presidenta. A duración do mandato dos e das vogais será de catro anos e poden ser reelixidos/as.
3. O cesamento dos membros da Comisión Executiva producirase nos supostos de morte ou declaración de falecemento, renuncia comunicada coas debidas formalidades, por decisión do Padroado, polo transcurso do período de duración do seu cargo ou por incumprimento das súas funcións.
4. A Comisión Executiva reunirse tantas veces como sexa preciso. A convocatoria faraa o secretario ou secretaria por orde do presidente ou presidenta ou por solicitude razoada da metade dos seus membros. As súas reunións convocaranse cunha antelación mínima de cinco días naturais, facendo constar nesta o lugar, día e hora en que vai ter lugar e acompañando a orde do día, resultando de aplicación, nas demais cuestións relativas á forma de deliberar e de adoptar acordos do Padroado. Non será precisa convocatoria previa cando se atopen presentes todos os membros da Comisión Executiva e se acorde a realización da reunión e a correspondente orde do día por unanimidade.
5. Os acordos adoptaranse por maioría dos seus membros presentes. No caso de empate, o voto do presidente ou presidenta será dirimente.
6. No caso de que se produza unha vacante entre os membros da Comisión Executiva por razóns distintas ao cumprimento do período de duración do mandato para o que foi elixido, corresponderalle ao presidente ou presidenta nomear a persoa substituta de entre os membros do Padroado, decisión que deberá ser referendada polo pleno do Padroado.
7. Son funcións da Comisión Executiva aquelas delegadas nela polo Padroado, cos límites establecidos no artigo 18 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

## **Artigo 28. Reunións do Padroado**

1. O Padroado reunirse con carácter ordinario, polo menos, unha vez ao ano e tantas veces como o presidente ou presidenta o convoque. Correspóndelle ao presidente ou presidenta ordenar a convocatoria das reunións, por propia iniciativa ou por pedimento das dúas terceiras partes dos membros do Padroado.
2. A realización das reunións do Padroado e a adopción de acordos poderá ter lugar tanto de forma presencial como a distancia, polos medios que en cada caso se establezan. Nas sesións que se realicen a distancia, os seus membros poderán atoparse en distintos lugares sempre e cando se asegure por medios electrónicos, considerándose tamén tales os telefónicos e audiovisuais, a identidade dos membros ou persoas que os suplan, o contido das súas manifestacións, o momento no que estas se producen, así como a interactividade e intercomunicación entre eles en tempo real e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión. Entre outros, consideraranse incluídos entre os medios electrónicos válidos o correo electrónico, as audioconferencias e as videoconferencias.





3. A convocatoria expresará a orde do día, así como o lugar, a data e a hora da reunión. Cursarase por escrito e farase chegar a cada un dos membros, polo menos, con cinco naturais de anticipación á data da súa realización. Nos casos de convocatorias extraordinarias de urxencia, a antelación mínima será de dous días.

As convocatorias poderán ser remitidas aos membros do Padroado a través de medios electrónicos e farase constar nelas a orde do día, xunto coa documentación necesaria para a súa deliberación cando sexa posible, as condicións nas que se vai realizar a sesión, o sistema de conexión e, de ser o caso, os lugares en que estean dispoñibles os medios técnicos necesarios para asistir e participar na reunión.

4. Non será precisa convocatoria previa cando, estando presentes todos os patróns ou patroas, acorden por unanimidade levar a cabo a reunión e a correspondente orde do día.

### **Artigo 29. Formas de deliberar e adoptar acordos**

1. O Padroado entenderase validamente constituído cando concorran o presidente, o secretario ou quen os substitúa e, polo menos, a metade dos seus membros, presentes ou representados, na forma legalmente establecida.

No caso de que non se acade en primeira convocatoria o quórum anterior, procederase a unha segunda convocatoria e considerarase validamente constituído cando concorran o presidente, o secretario, ou quen os substitúa, e un terzo dos seus membros.

2. Os acordos serán inmediatamente executivos e, con carácter xeral, adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, salvo nos casos nos que se requira unha maioría reforzada. No caso de empate será dirimente o voto do presidente ou presidenta.

Non obstante, requirirase o voto favorable de dúas terceiras partes dos membros do Padroado para aprobar acordos que se refiran á reforma ou modificación dos estatutos e á disposición de bens a título gratuito, á fusión, á escisión ou á extinción da Fundación.

3. Cando se asista a distancia, os acordos entenderanse adoptados no lugar onde teña a sede a Fundación Castela, no seu defecto, onde estea situada a Presidencia.

4. Das reunións do Padroado elaborará a acta o secretario ou secretaria, que deberá ser aprobada na mesma ou na seguinte reunión. Unha vez aprobada, transcribirase no correspondente libro de actas e será asinada polo secretario ou secretaria co visto e prace do presidente ou presidenta.

## **CAPÍTULO TERCEIRO: DOS ÓRGANOS DE ASESORAMENTO E XESTIÓN**

7

### **Artigo 30. Consellos asesores**

O Padroado poderá crear consellos asesores e comisións de estudo, así como órganos similares con funcións de apoio e asesoramento, para o mellor desenvolvemento dos fins fundacionais.

A creación, modificación e supresión destes órganos, así como a súa composición, deberán ser notificadas ao Protectorado e inscritas no Rexistro de Fundacións.

### **Artigo 31. Xerente**



O Padroado poderá acordar a contratación dun director/xerente ou dunha directora/xerente con competencias en materia de xestión e administración da Fundación. A súa designación e cesamento deben serlle notificados ao Protectorado e inscritos no Rexistro de Fundacións.

## **TÍTULO QUINTO**

### **RÉXIME ECONÓMICO**

#### **Artigo 32. Patrimonio fundacional**

O patrimonio da Fundación está integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica que integren a dotación, así como por aqueles que adquira a Fundación con posterioridade á súa constitución, tanto se se afectan á dotación como se non.

Uns e outros deberán figurar a nome da Fundación, constar no seu inventario e no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

O Padroado promoverá, baixo a súa responsabilidade, a inscrición a nome da Fundación dos bens e dereitos que integran o seu patrimonio nos rexistros públicos correspondentes.

#### **Artigo 33. Adscrición do patrimonio fundacional**

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados ao cumprimento dos fins que a Fundación persegue, nos termos establecidos na lexislación vixente e nos estatutos.

#### **Artigo 34. Financiamento**

1. A Fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase da seguinte forma:

- a) Cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio e, se for o caso, con aquel outros procedentes das axudas, subvencións, doazóns, herdanzas ou legados que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas.
- b) A Fundación poderá percibir cantidades derivadas de actividades e servizos directamente prestados por ela aos seus beneficiarios sempre que isto:
  - Non desvirtúe o interese xeral para a comunidade autónoma.
  - Non sexa contrario á vontade fundacional.
  - Non implique unha limitación inxustificada do ámbito dos seus posibles beneficiarios.
- c) Cos ingresos derivados dos contratos e convenios formalizados con persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, nos termos establecidos na lexislación vixente.
- d) Calquera outro permitido polas normas de aplicación.

2. Na xestión económico-financeira, a Fundación rexerese de acordo cos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

#### **Artigo 35. Plan de actuación**

O Padroado aprobará e remitiralle ao Protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación no que se conteñan os obxectivos e as actividades que se teña previsto desenvolver no exercicio seguinte, xunto coa previsión de ingresos e gastos e unha memoria explicativa del. O devandito plan será depositado no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

#### **Artigo 36. Contas anuais**



A Fundación levará unha contabilidade ordenada e adecuada á súa actividade que permita o seguimento cronolóxico das actuacións realizadas. Para iso, contará cun libro diario e un libro de inventarios e contas anuais.

As contas anuais comprenden o balance, a conta de resultados e unha memoria. Estes documentos forman unha unidade e deben ser elaborados seguindo os modelos, normas e criterios establecidos na adaptación sectorial do Plan xeral de contabilidade para as entidades sen fins lucrativos.

As contas anuais serán formuladas polo órgano de goberno da entidade, o cal responderá da súa veracidade. Deberán ser aprobadas polo Padroado no prazo de seis meses dende o peche do exercicio económico e presentaranse ante o Protectorado no prazo dos vinte días hábiles seguintes ao da súa aprobación para o seu exame e posterior depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Nos casos nos que as contas anuais se sometan a auditoría, serán formuladas dentro dos tres (3) primeiros meses seguintes ao día do peche do exercicio. Neste caso presentarase, xunto coa documentación contable, o informe de auditoría correspondente.

### **Artigo 37. Exercicio económico**

O exercicio económico da Fundación coincidirá co ano natural.

## **TÍTULO SEXTO**

### **DA MODIFICACIÓN, FUSIÓN, ESCISIÓN OU EXTINCIÓN**

#### **Artigo 38. Modificación de estatutos**

1. Por acordo de dúas terceiras partes dos membros do Padroado poderán ser modificados os presentes estatutos, sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación e se cumpran os requisitos previstos neles, o establecido no artigo 41 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e demais normativa de aplicación.

2. Procederá a esta modificación cando as circunstancias que presidiron a constitución da Fundación variasen de tal maneira que esta non poida actuar satisfactoriamente de conformidade cos estatutos en vigor. O acordo de modificación incluírá os seguintes extremos:

- a) Exposición razoada da causa determinante da modificación.
- b) Xustificación detallada da conveniencia que supón para os intereses da Fundación.
- c) Contido da modificación.
- d) Estudo económico sobre a viabilidade da modificación e adaptación das instalacións, de ser o caso.

#### **Artigo 39. Fusión e/ou escisión**

A Fundación poderase fusionar con outra ou outras, logo do acordo dos respectivos padroados. Igualmente, o Padroado poderá aprobar a escisión de parte da Fundación nos termos e cos requisitos legalmente establecidos.

#### **Artigo 40. Extinción da Fundación**

1. A Fundación extinguirase polas causas legal e estatutariamente establecidas e de acordo cos procedementos previstos no artigo 44 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e demais normativa de aplicación.

2. Procederá a extinción da Fundación, polas seguintes causas, entre outras:

- a) Chegado o caso, por falla de medios ou por calquera outra circunstancia que impidise o cumprimento do fin fundacional.
- b) Cando concorra calquera outra causa prevista no acto constitutivo ou nestes estatutos.



c) Cando conorra calquera outra causa prevista nas leis.

#### **Artigo 41. Liquidación e adxudicación**

1. A extinción da Fundación determinará a apertura do procedemento de liquidación, que será realizada polo Padroado baixo o control do Protectorado.

2. Os bens e dereitos resultantes da liquidación destinaranse ás fundacións ou ás entidades non lucrativas, privadas ou públicas, que persigan fins de interese xeral e que teñan afectados os seus bens, incluso para o suposto de disolución, á consecución daqueles, e que estean consideradas como entidades beneficiarias do mecenado, ou a entidades públicas de natureza non fundacional que persigan fins de interese xeral.

3. Correspóndelle ao Padroado designar as entidades receptoras destes bens, de acordo co establecido na lexislación vixente.

#### **Artigo 42. Adopción dos acordos e comunicación e inscrición no Rexistro**

1. Para a adopción de acordos de modificación, fusión, escisión, extinción e liquidación será necesario o voto favorable de dúas terceiras partes dos membros do Padroado.

2. Estes acordos seranlle comunicados ao Protectorado e/ou autorizados por este para os efectos de cualificación de legalidade, formalizados en escritura pública e inscritos no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

#### **CLÁUSULA ADICIONAL**

O contido destes estatutos non implica limitación ou substitución das competencias que a lexislación vixente lle atribúe ao Protectorado.

A interpretación do establecido nestes estatutos farase en concordancia coa normativa sectorial, que, así mesmo, será aplicable no non previsto neles.